

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11/01/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Expediente de contratación Obra Urbanización Atalaia-Fisterra.-
- 4º.- Aprobación Certificación Obra.-
- 5º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **11/01/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 19 de Decembro de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder

á realización de obras dun paso aéreo subterráneo (PAS) e canalización subterránea de 9 metros, na zona da Xesteira de Sardiñeiro de Abaixo neste Termo Municipal, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial, Miguel Ángel Bernal López de data 4/11/2017 que consta no expediente; condicionada a:

- 1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.
- 2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado
- 3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.
- 4) Presentación de Aval Bancario por importe de Trescentos euros (300,00 €), co fin de garantir o coste de reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Doce euros con vinte e sete céntimos (12,27 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Un euro con sesenta e sete céntimos (1,67 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras dun paso aéreo-subterráneo (PAS) e liña soterrada de Baixa Tensión con canalización de 22 metros, no Polígono 502, Parcela 5570 da localidade de Escaselas deste Termo Municipal, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Miguel Ángel Bernal López de data 9/11/2017 que consta no expediente; condicionada a:

- 1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.
- 2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado
- 3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.
- 4) Presentación de Aval Bancario por importe de Oitocentos oitenta e sete euros con vinte céntimos (887,20 €), co fin de garantir o coste de reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Sesenta e un euros con trinta e dous céntimos (61,32 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

--Oito euros con trinta e seis céntimos (8,36 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras dun paso aéreo-subterráneo (PAS) e liña soterrada de Baixa Tensión con canalización de 9 metros na localidade de San Salvador deste Termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial, Miguel Ángel Bernal López de data 24/10/2017 que consta no expediente; condicionada a:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.

4) Presentación de Aval Bancario por importe de Cincocentos tres euros con noventa e seis céntimos (503,96 €), co fin de garantir o coste de reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Quince euros con setenta e dous céntimos (15,72 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Dous euros con catorce céntimos (2,14 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **GONZALO MANUEL INSUA FERNANDEZ**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada número 588 de 3/03/2017) para proceder ó acondicionamento interior dun restaurante-café-bar existente no baixo dunha edificación (Parcela Catastral 8705205MH7580N0001ST).-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de

data 4 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

Unha vez rematadas as obras deberá presentar neste Concello comunicación previa para a apertura do citado establecemento público.

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MANUEL AGULLEIRO NOYA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada número 1.422 de 19/05/2016) para proceder ó acondicionamento interior dun establecemento público destinado a Café-bar existente no baixo dunha edificación (Parcela Catastral 8609124MH7580N0001GT).-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para a apertura do citado establecemento.

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de JUAN CANOSA SUÁREZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada número 1.525 de 27/05/2016) para proceder á construción dun garaxe cunha superficie de 30 m2 (7,5 x 4) de bloque rústico branco, tellado de fibrocemento de cor tella e altura máxima 2,80 metros, separada da vivenda e a 6,50 metros do lindante (Parcela Catastral 8625710MH7582N0001DH) .-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 10 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de JOSEFA DOLORES TRILLO ABELLEIRA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada número 49 de 4/01/2018) para proceder á colocación de malla metálica ríxida de altura 1,5 metros para peche de parcela cunha lonxitude de 10 metros a emprazar nunha parcela (Parcela Catastral 8609611MH7580N0001FT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- “Vista a Comunicación Previa de Obras presentada por parte de JUAN JESÚS DOMÍNGUEZ CANOSA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada número 2.796 de 26/09/2018) para proceder ó pintado da fachada lateral en tonos claros e substitución de pranchas de fibrocemento con colocación de tella na cuberta nunha vivenda mediante a ocupación da vía pública con andamios nunha superficie de 4 metros (Parcela Catastral 0846709MH8504N0001OU), debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Informe de data 20/12/2017 que consta no expediente e do que se dará traslado ó interesado.-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 10 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARÍA ELENA INSUA OLVEIRA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada número 1.972 de 23/06/2016) para proceder ó arranxo dunha beirarrúa (Código 82 do actual Inventario de Bens Municipais (Parcela Catastral 8605702MH7580N0001DT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 3 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

“Vista a Comunicación Previa de Obras presentada por parte de MANUEL JESÚS DOMÍNGUEZ BUITURÓN, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada número 2.630 de 7/09/2017) para proceder á Rehabilitación dun muro exterior de pedra con eliminación de morteiro e encintado novo existente no Paseo de Calafigueira desta Vila.

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 2 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

“Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARÍA DOLORES LOBELOS INSUA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada número 3.110 de 25/10/2017) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da conexión do servizo de saneamento coa rede municipal que pasa pola zona con destino a unha vivenda (Referencia Catastral 8727606MH7582N0001WH), debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda en Informe de data 11/12/2017 que consta no expediente e do que se dará traslado á interesada.-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Decembro de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a.-Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras de conexión ao saneamento municipal (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b.-Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c. -Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d.- A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. -No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f.-O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h.-Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

COMUNICACIÓN PREVIA EXERCICIO ACTIVIDADE

- “Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARCELINO GONZALEZ ESTÉVEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada número 3.034 de 17/10/2017) para a Actividade destinada a Almacén de material eléctrico a emprazar no baixo dunha edificación (Parcela Catastral 8214863MH7581S0003IO),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 3 de Xaneiro de 2018, que a documentación presentada en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para o Inicio de dita Actividade de conformidade co previsto no Artigo 12 do Decreto 144/2016 de 22 de Setembro polo que se aproba o Regulamento Único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e 42-1 da Ordenanza Municipal Reguladora dos procedementos administrativos vixente publicada no Boletín Oficial da Provincia número 209 de data 4 Novembro 2016 ; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

3º.- Expediente de contratación Obra Urbanización Atalaia-Fisterra.-

Visto o oficio de data 20 de Decembro de 2017 procedente da Excmá Diputación Provincial sobre a aprobación da **Primeira Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Unico de Concellos) Adicional 1 / 2017** coa finalidade de levar a cabo a contratación da Obra " Urbanización Rúa Atalaia - Fisterra ", a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

A) Iniciar expediente para a contratación da citada Obra por un importe de Oitenta e tres mil trinta e oito euros con setenta e tres céntimos(83.038,73€) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó modelo de prego de Cláusulas administrativas aprobado no seu día polo citado Organismo Provincial que constan na Secretaria da Corporación, xunto cos Criterios de adxudicación e negociación.-

B) Publíquese Anuncio da licitación no periódico "Diario de Bergantiños" para que por parte dos interesados poidan presentar a documentación prevista no citado Prego dentro do prazo de Oito días hábiles (8) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no citado Xornal.-

3) De conformidade co previsto no Artigo 15.4 do Prego de Cláusulas Administrativas determinar que o órgano encargado da negociación coa finalidade de avaliar as proposicións dos licitadores que poidan presentarse e formular proposta de adxudicación ante este órgano de contratación, estará integrado por :

Presidente

Alexandre Dominguez Lado.- Titular
María Rocío Mariño López.- Suplente

Vogais

Secretario Interventor da Corporación.-
Arquitecto/a Departamento Urbanismo

Secretario

O da Corporación ou funcionario en quen delegue.-

4º.- Aprobación Certificación Obra.-

Unha vez examinada e encontrandoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Aprobar a Certificación Unica da Obra denominada " Mellora do Segundo Tramo do Camiño a Insua - Fisterra " por un importe total de Cincuenta e un mil cento noventa euros (51.190,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan Municipal ano 2017 debidamente asinada polo Contratista Adxudicatario, Búa Construcciones y Servicios S.L. e Directora de Obra .--

5º.- Asuntos varios.-

Solicitud de subvención á Excma Deputación Provincial para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística ano 2108.

Vista a convocatoria do programa de Subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixidas a Concellos, agrupacións de Concellos, mancomunidades e outras Entidades Locais da provincia da Coruña para creación, mantemento e reforzo dos Servizos de Normalización Lingüística (SNL) durante o ano 2018, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 239 de 19 de decembro de 2017 por parte da Excma. Deputación Provincial, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1.- Participar en dita convocatoria xunto co Concello de Corcubión, solicitando unha subvención de 12.000 € (Doce Mil euros) para o mantemento do Servizo.

2.- Compromiso firme de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información que do seu desenvolvemento realice este Concello.

3.- Que o Concello está ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Sociale coa Deputación.

4.- Que SI se autoriza á Excma Deputación Provincial a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acrediten que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.- Remitir certificación deste acordo á Excma. Deputación Provincial.

PROGRAMA SERVIZOS SOCIAIS EXCMA DIPUTACIÓN PROVINCIAL 2018

Vistas as Bases reguladoras do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o ano 2018 publicadas pola Sección de Servizos Sociais da Excma Diputación Provincial no Boletín Oficial da Provincia número 242 de data 22 de Decembro de 2017, a Xunta de goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.-

2º.- Adherirse ao Plan de Servizos Sociais Comunitarios da Deputación da Coruña para o 2018 de acordo coas contías xerais previstas no Plan e co financiamento que se indica no Proxecto de Servizos Sociais Comunitarios Básicos que consta no expediente :

FINALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCION
Auxiliar Administrativo	17.041,97 €	17.041,97 €
Tecnico de Grado Superior (Educadora Familiar) Xornada 80 %	19.268,60 €	19.268,60 €
Persoal Auxiliar SAR Libre Concurrencia	16.862,40 €	15.768,00 €
TOTAL	53.172,97 €	52.078,57 €

2º.- Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto do financiamento.-

4º.- Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e a facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.--

5º.- A Entidade local acepta a regularización financeira para compensar os reintegros derivados da xustificación do Plan inclusive de Plans de exercicios anteriores.-

6º.- Facultar expresamente ao Alcalde desta Corporación para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.-

AXUDAS ECONÓMICAS

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación e que consta no expediente , a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda conceder a V. M. A. M.**, veciño de Fisterra, **unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €)** para poder afrontar gastos por razóns médicas e traslados ao Hospital Universitario de A Coruña, **ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-**

- Visto o **Informe Desfavorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda Denegar a Axuda** solicitada por parte de **M. C. M. L.**, veciña de Fisterra, para adquisición dunha lavadora, toda vez que xa lle foron concedidas dúas por esta Xunta no ano 2017 para gastos de primeira necesidade mediante acordos adoptados nas sesión celebradas os días 3 de Agosto e 23 de Novembro.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.